



Facultade de Filoloxía

Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios

“Materiais para o estudo comparativo das antoloxías da lírica medieval profana galego-
portuguesa”

Raquel Torre Amado

31/07/2013

Índice

0. Limiar.....	3
1. Introducción.....	4
1.1. A Idade Media e a lírica galego-portuguesa.....	4
1.2. A lingua e a literatura.	5
1.3. A lírica	6
1.4. A edición das cantigas	7
2. As antoloxías.....	11
3. Os textos.....	46
4. Conclusións.....	88
5. Bibliografía.	93

0. Limiar.

O seguinte traballo, que vén a enlazar coas materias de Literatura Galega, Literatura Galega Medieval e Edición e Comentario de Textos Galegos e Portugueses, cursadas con anterioridade, ten como obxectivo a elaboración dun estudo descritivo e comparativo entre as diferentes antoloxías existentes da lírica medieval galego-portuguesa.

En todo o momento somos conscientes de que esta é só unha primeira aproximación ao total de antoloxías existentes historicamente, mais, por motivos de accesibilidade, tempo e, tamén, número de páxinas neste traballo final de grao, foi inevitábel limitar a procura e devén imposíbel sermos absolutamente exhaustivos.

A idea principal que rexe este traballo é realizar unha compilación de datos a partir das antoloxías que puidemos manexar, expor brevemente unha caracterización de cada escolma, recoller o textos e trobadores seleccionados e mais, finalmente, tirar as conclusións pertinentes a partir da información arrecadada.

Desta maneira, comezamos o traballo, en primeiro lugar cunha breve aproximación ao contexto histórico e social en que empezou a xurdir a lingua e a literatura galegas, para despois facer unha moi breve aproximación á lírica medieval e os seus tres xéneros máis salientábeis. A seguir faise un breve resumo de como foi evoluíndo o proceso de edición dos textos medievais, facendo un repaso sobre aqueles autores que supuxeron un antes e un despois neste campo.

No seguinte apartado comentamos cada antoloxía por orde cronolóxica e de maneira individual, primeiro facendo unha descrición do seu contido e despois recollendo, segundo a orde de aparición, os trobadores e o número da cantiga que lle corresponde segundo a numeración establecida por D'Heur (1975: 10-93; Montero Santalla 2000: 55-101). A seguir, realizamos unha listaxe con todas as cantigas que nos encontramos, sempre seguindo a numeración D'Heur, e sinalando as antoloxías que as recoller.

Para finalizarmos, tiramos unhas conclusións sobre os materiais compilados, ao tempo que pechamos o traballo coa correspondente bibliografía, facendo constar unicamente aquela empregada para facer as listaxes e recoller os datos e mais a directamente citada.

1. Introducción¹

1.1. A Idade Media e a lírica galego-portuguesa

O período comprendido entre os séculos XI e XIII foi para Galiza, de igual maneira que para o resto de Europa, de forte desenvolvemento. Durante eses anos son perfectamente apreciables o aumento da poboación, o crecemento económico, o desenvolvemento urbano, comercial, e mesmo cultural e artístico. Trátase dunha época de expansión xeneralizada en todos os ámbitos da vida, un período en que se consolidan algúns dos trazos da etapa anterior, como a vila como poboamento rural, o poderío dos señores laicos e eclesiásticos ou a intensificación das peregrinacións, e aparecen outros novos, como os foros, o predominio das institucións eclesiásticas monacais, o renacer das cidades, a división da antiga Gallaecia coa aparición do reino de Portugal e o nacemento de novas manifestacións artísticas e culturais.

Porén, o expansionismo económico e o florecemento cultural non foron paralelos ao papel político desempeñado por Galiza. Agás a breve experiencia do rei García, Galiza foi perdendo progresivamente peso específico na política leonesa e castelá, xa que, ao formarse o novo reino portugués no século XII, o territorio galego ficou na periferia da coroa de Castela. Mais este feito non impide que a actividade e prestixio do bispo de Compostela, Diego Xelmírez, lograra facer de Galiza un punto central do chamado reino leonés, polo que algúns historiadores cualifican a esta época como a da “era compostelá”.

As derradeiras centurias da Idade Media caracterízanse por seren de crise e mutacións, polo feito de apareceren desaxustes no seo das vellas estruturas e naceren as novas. Teñen lugar varias guerras dinásticas castelán-portuguesas, levantamentos urbanos nas principais cidades galegas, peneiras na vella nobreza laica e continuos preitos entre a nova aristocracia trastamarista e os señores eclesiásticos, tanto seculares coma regulares. Na segunda metade do século XV agromarán con forza todas estas tensións nas guerras irmandiñas e na posterior incorporación de Galiza ao novo “réxime” administrativa que dispuxeran os Reis Católicos.

Mais o remate dos tempos medievais e a transición á época denominada Moderna non supón en Galiza unha ruptura drástica coa etapa anterior. Galiza vese reducida historicamente a un plano moi secundario no ámbito político, sobre todo se se ten en conta o grande protagonismo que certas estirpes galaicas acadan na política española do tempo dos Austrias.

¹ Para a elaboración deste capítulo tomamos como referencia os fascículos elaborados por Laura Tato Fontaña sobre lírica medieval para a *Historia da literatura galega* publicada en 1996 por A Nosa Terra, a *Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa* de Meléndez Cabo e Vega Vázquez (2010), *A poesía lírica galego portuguesa* de Giuseppe Tavani (1988) e os volumes da *Lírica profana galego-portuguesa* de Brea (1996).

Desde unha perspectiva interna, hai unha certa recuperación dalgúns sectores da vida social: collen pulo de novo os mosteiros, coa axuda directa da monarquía, que reorganizan e estabilizan os seus patrimonios; a nobreza laica de máis elevada alcurnia colle o camiño da Corte e deixa aquí as súas facendas encomendadas a administradores e nobres provinciais; aparecen novos personaxes, medrados ao abeiro da administración ou da igrexa, que conformarán a futura fidalguía intermediaria.

1.2. A lingua e a literatura.

Desde finais do século XII comezan a aparecer escritos nas linguas consideradas vulgares, e na Galiza histórica agroma con forza o romance galego. Mais coa división do territorio galaico, coa separación e independencia do reino de Portugal, comezan tamén a criarse algunhas diferenzas lingüísticas (e culturais) a unha e outra beira do Miño: mentres o portugués gozou dun gran apoio por parte da corte, reflectido no amplo cultivo e desenvolvemento literario, a variante do Norte, polo devir político, após o florecemento da escola trobadoresca, comeza a ser máis e máis esmagado pola presión do castelán, situación que aínda é visíbel hoxe en día.

Porén, desde o século XIII e até o XV, o galego-portugués era a lingua empregada por toda a poboación e en todos os ámbitos, tamén en documentos oficiais, e dos que conservamos textos tan temperáns como a *Noticia de Toro* e o *Testamento de Afonso II*, ambos datados arredor de 1214. No referido a textos literarios, considérase a cantiga de Joam Soares de Pavia, *Ora fez ost' o senhor de Navarra*, como a máis antiga, arredor de 1200. Estes textos considéranse os primeiros conservados da época, mais non se descarta que houbera outros anteriores que, por diversos motivos, foron perdidos no transcorrer do tempo. Deste modo, entre finais do século XII e 1354, data da morte do Conde de Barcelos, desenvólvese a escola trobadoresca galego-portuguesa, que terá unha continuación epigonal na denominada poesía galego-castelá, mostra xa da decadencia que comeza a se instalar no século XV, derradeiro século de “normalidade” lingüístico-cultural galega.

Para a produción trobadoresca, os estudosos establecen catro períodos: o “pre-afonsino”, que é o anterior ao reinado de Afonso III, e que termina á volta de 1248; o “afonsino”, que coincide co momento de máximo esplendor da nosa lírica, coincidente, ao tempo, co reinado do monarca anterior e tamén co de Afonso X (1253-1284) e durante o cal viven os principais poetas dos que nos resta o maior número de cantigas; o “dionisiaco”, que termina no ano 1325 coa morte de D. Dinís; e, por último, o “pos-dionisiaco”, que conclúe no ano 1357 no reinado de D. Pedro I.

1.3. A lírica

O corpus lírico está formado por 1679 textos escritos por 153 autores diferentes, agás unhas vinte que son anónimas, e que chegaron a nós a través, e, principalmente, de tres códices manuscritos (Cancioneiro da Ajuda, Cancioneiro da Biblioteca Nacional e Cancioneiro da Vaticana), para alén doutras importantes mostras como o Pergamiño Vindel ou o chamado “Fragmento Sharrer”, entre outros restos cuantitativamente menores. Á parte da lírica profana, temos as *Cantigas de Santa Maria* do rei Afonso X, tanto as narrativas, alleas á tradición lírica en sentido estrito, como as de louvor á Virxe. Esta separación ten que ver co ámbito ao que estaban destinadas cada unha delas: as profanas son para un público máis popular, mentres que as outras están máis reservadas a un público da Corte.

Será o primeiro tipo, as cantigas profanas, o que estudemos neste traballo. Estas serían divulgadas nas romarías ou peregrinacións e, tamén, nas cortes dos reis e dos grandes señores. Nese conxunto, encontramos tres grandes xéneros: as cantigas de amor, as cantigas de amigo, e, finalmente, as satíricas, conformadas polas cantigas de escarnio e de maldicir. Agás as primeiras, as restantes representan a produción máis autóctonas, polo que adquiren un carácter moito máis popular que as cantigas de amor, que son influencia da lírica provenzal, cultas e con orixe nas cortes dos reis.

As cantigas de amigo obedecen máis, en canto aos temas, ao ritmo e á estrutura, a criterios de musicalidade, que son obtidos a través de recursos como o paralelismo ou o refrán. Grazas a isto favorecíase a súa transmisión de maneira oral, que era o fin a que estaban destinadas.

Pola contra, as cantigas de amor eran máis dependentes dos modelos da lírica provenzal, aínda que adaptadas ao temperamento lírico e saudosista da lírica galaico-portuguesa, e moito máis elaboradas que as anteriores xa que estaban destinadas a un público fundamentalmente aristocrático.

Mais os nosos poetas non se limitan a adaptar á estrutura típica da cantiga de amor o ritmo e a vivacidade que caracterizan a cantiga de amigo. A nosa cantiga de amor expresa a “coita” ou “cuita”, a paixón infeliz, o amor non correspondido que se torna en obsesión, e o repetido ton de queixa ou de súplica. Así xorde unha monotonía expresiva, un sufrimento que remata coa aspiración de “morrer de amor”, un dos tópicos máis repetidos na cantiga de amor galego-portuguesa.

No entanto, aínda que con menos sutileza e menos retórica que a súa equivalente provenzal, a cantiga de amor galego-portuguesa retoma os temas cantados polos trovadores provenzais á vez que introduce novos temas como o saudosismo, o desespero provocado polo

afastamento da dona, a despedida da amada... que son temas que despois permanecerán ao longo dos anos nas líricas posteriores (galega e portuguesa). Outros, pola contra, amósanse máis receosos e por iso mostran timidez amorosa, comprácense da paixón infeliz, quéixanse da indiferenza da dona e a aspiración a “morrer de amor” ou critican o formalismo do amor cortés, constituíndo así unha marca da época.

O xénero das cantigas de amigo (con algúns arcaísmos fonéticos e lexicais), é a evidencia de que no territorio galaico se facía unha lírica anterior á occitana e que, polo tanto, pouco ou nada tiña que ver con esta. Isto vese reflectido nos arcaísmos utilizados e tamén na exaltación da figura da muller, xa que era ela arredor de quen funcionaba a familia tras a marcha do home á guerra, de aí que mostren un carácter sempre de saudade á espera de ese “amigo” que non se sabe se chegará ou non.

Pola contra, a poesía satírica, divididas en cantigas de escarnio e de maldicir, sendo as primeiras aquelas en que se utilizan palabras con duplos sentidos e a ironía para deixar en evidencia a “senhor” ou a outro trobador, mentres que as segundas son aquelas que satiriza e escarnecen de maneira directa.

Finalmente, para alén dos tres grandes xéneros, na nosa lírica medieval existen tamén algunhas composicións que son representativas doutros xéneros menores: prantos, tenzóns, eloxios etc.

1.4. A edición das cantigas²

Desde que os cancioneros medievais foron descubertos arredor do século XX foron moitos os traballos e antoloxías que se fixeron sobre eles, co principal motivo de chegar a un maior número de persoas. Mais realmente estas obras non son máis que copias ou transcricións do que alí había, sen contar cun estudo máis profundizado dos case dous séculos que recollen.

A actividade editorial iníciase en 1823 coa saída da edición do Cancioneiro da Ajuda preparado por Ch. Stuart, que ofrecía o estudo paleográfico das 260 cantigas que se coñecían até o momento. Esta mostra veuse ampliada na década de 1840 coa descuberta do Cancioneiro da Vaticana, que saíu á luz promovido por F. Wolf e que enriquecía con 1200 cantigas máis de todos os tipos.

En 1847 saía unha edición feita por Lopes de Moura dos poemas de Dom Denis, edición feita a partir dunha transcripción directa dos manuscritos, posto que el non tivera acceso ao orixinal, e que ía acompañada dunha anotación e dun ensaio introdutorio sobre o autor e a

² Os datos para a redacción deste capítulo foron tirados fundamentalmente do artigo “Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa” de M. Arbor (no prelo).

linguaxe poética da época, así como os criterios escollidos para a súa compilación. E aínda que non fose unha edición moi rigorosa e completa, dito por C. Michäelis, hai que atribuírle os méritos de ser unha das primeiras que tenta estudar as orixes do idioma reflectido nos textos medievais.

Porén, temos que esperar dous anos, no 1849, para que apareza a primeira edición crítica en sentido estrito do Cancioneiro da Ajuda, feita por F. A. Varnhagen. Nesta edición, ademais de recoller os textos cun notable coidado editorial, xa que incluso emenda as pasaxes que están erróneas ou deficientes, hai unha ampla introdución que trata todos os aspectos da produción de cantigas, sobre os autores e os códices, así como motivos máis formais como métrica e lingua. Esta obra serviu como base para que posteriores estudosos analizasen a lírica na súa vertente lingüística, literaria e retórica, introducindo tamén importantes achegas para a crítica do texto.

Até 1870 o labor de edición estivo en mans de persoas vinculadas a estudos románicos, principalmente do ámbito lusófono e, a partir dese mesmo ano, comezarán as análises científicas da poesía dos trovadores ibéricos, mais son traballos feitos por italianos, como Monaci, que publicou a edición paleográfica do códice da Vaticana. Esta publicación vai acompañada de notas sobre a copia e de dous apéndices: a transcripción do catálogo de autores feito por Angelo Colocci e un elenco sobre os erros de copia que se aprecian no apógrafo collociano. Desta copia, que é a única transcripción paleográfica que se realizou do cancionero, faríanse os estudos publicados nos anos posteriores.

Coincidindo con esa publicación, aparecía en Italia o Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal, o máis completo dos tres, e que foi editado por Molteni, discípulo de Monaci, e que seguiu os criterios de edición do seu mestre. Esta edición veu a luz en 1880.

Estas dúas obras serviron de base para que os estudosos posteriores presentaran os seus traballos relativos á lírica medieval, tanto aqueles autores que se centraban nun só autor como o que realizaban antoloxías xerais ou dedicadas a unha tipoloxía concreta. Mais realmente, estes eran estudos relativos ás orixes dos xéneros líricos e non relacionados a cuestións ecdóticas, como foron os traballos de C. Michäelis de Vasconcelos, H. R. Lang e O. Nobiling.

A primeira delas, Michäelis, realiza unha edición interpretativa do Cancioneiro do Colégio dos Nobres, que acaba por reconstruír fisicamente e ao cal lle engade a edición de 310 cantigas tomadas do Cancioneiro da Biblioteca Nacional e da Vaticana, coas que busca recompoñer as lacunas do Cancioneiro da Ajuda. O que toma como base é este último, utilizando os dous anteriores só para recuperar a integridade das pezas. Nesta edición, a autora inclúe un aparato crítico de cada cantiga, coa ficha métrica e a tradución ao alemán. Ofrece

tamén unha imaxe do cancionero máis portuguesa coa unificación dos diversos dígrafos en *nh* ou *lh*.

Ás edicións desta autora únenselle os traballos realizados por Lang e Nobiling para conformar, en palabras de E. Gonçalves, as únicas edicións verdadeiramente críticas de trobadores galego-portugueses.

No século XX aparecen dous novos manuscritos, os denominados *Cancioneiro da Bancroft Library* e o *Pergamiño Sharrer*, que enriquecían o testemuño dos primeiros manuscritos desde o punto de vista da transmisión dos textos e desde o punto de vista da música, non conservada en ningún outro. Nun dos tres relatores, o pergamiño *Vindel*, denominado así polo libreiro que o encontrou como forro dun libro de Cicerón, figuran as sete cantigas de Martim Codax acompañadas, seis delas, da melodía orixinal.

Como complemento á edición das cantigas de amor de Michäelis, saú a edición das cantigas de amigo feita por J. J. Nunes, que está composta por notas relativas á orixe, temática, lingua e poética do xénero, información biográfica sobre os autores e o comentario métrico-filolóxico dos poemas, feita a partir do cancionero da Vaticana e do da Biblioteca Nacional.

No ámbito galego, centrado na edición e no estudo da prosa medieval, non temos estudos sobre as cantigas até 1886 coa obra de A. de la Iglesia, *El idioma gallego*, que recollía 125 poemas. Esta falta de interese pola lírica vén dada pola imposibilidade que existía de consultar directamente os textos e pola falta de preparación filolóxica. Esta característica continúa despois da grande guerra, posto que só saen edicións de trobadores concretos mais con escasa ou ningunha documentación filolóxica.

De feito, calquera traballo realizado na Península tivo que deixar de ser realizado debido á Guerra Civil e á posterior Guerra Mundial, sendo continuados os estudos por filólogos americanos como Carter ou Da Cunha, centrados principalmente en trobadores concretos.

Voltando ao ámbito lusófono, é despois das guerras cando parece que interesa levar ao público lector de a pé a tradición medieval, e sae publicado en 1964 o primeiro volume da edición do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, feito por Paxeco Machado e J. P. Machado. Esta edición presenta numerosos erros desde o punto de vista gráfico, o que imposibilitaba a súa correcta interpretación.

No ano 1965 complétase a edición dos tres grandes xéneros líricos medievais coa edición das cantigas de escarnio e maldicir polo profesor Rodrigues Lapa, que ademais do aparato crítico das composicións, incorpora ao final un glosario.

A partir destas datas, e nas dúas décadas seguintes, comeza e desenvólvese a actividade editorial da denominada “escola italiana”, con nomes tan sobranceiros como Giuseppe Tavani, Luciana Stegagno Picchio, Valeria Bertolucci ou Anna Ferrari. Baixo a súa influencia aparece tamén en Galiza unha actividade de edición, favorecida tamén polo establecemento de tres universidades (José Luís Rodríguez, Bieito Arias Freixedo, Mariña Arbor, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Manuel Ferreiro etc.) e mais do Centro ‘Ramón Piñeiro’.

Neste sentido, 1996 é un ano importante pola publicación da compilación coordinada por Mercedes Brea da *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, xerada a partir do Centro Ramón Piñeiro e que supón, coa actividade do centro, un novo impulso editorial en relación á nosa lírica que se vén sumar á actividade, agora de menor intensidade, da escola italiana e mais o traballo desenvolvido máis ou menos esporadicamente en Portugal e Brasil.

2. As antoloxías.

Neste apartado recolleremos todas as antoloxías tratadas no traballo, por orde cronolóxica e de maneira individual. De cada unha achegaremos uns datos descritivos, e, a seguir, a enumeración de todos os textos seleccionados, ordenados segundo o trobador e, á vez, segundo a súa orde de aparición na escolma. A referencia dos textos está constituída, simplemente, polo correspondente número atribuído por D'Heur no seu sistema referencial para a lírica profana galego-portuguesa. Naqueles casos en que non está clara a autoría das cantigas, indicamos tras o número e entre parénteses (de ser unha soa) o nome do seu autor (seguindo o catálogo do estudoso belga, actualizado en Montero Santalla (2000: 55-101), e, de ser varias, mediante corchetes sinalamos todo o rango que pertencería ao novo autor.

2.1. De la Iglesia, Antonio (1886): *El idioma gallego: su antigüedad y vida*. Valladolid: Editorial Maxtor [2006, edición facsimilar].

2.1.1. Caracterización.

Esta antoloxía está dividida en tres tomos, dos cales os dous últimos son os que recollen cantigas, intercaladas con outro tipo de textos como poden ser inscricións de igrexas, documentos oficiais ou narrativa en xeral. Na primeira parte recóllense textos máis actuais (actuais entendido como data próxima á primeira publicación da antoloxía) e inclúe unha breve introdución sobre a orixe do idioma galego.

As cantigas levan unha nota ao pé en que se di a que número e o cancionero a que pertencen.

2.1.2. Textos.

Meen Rodriguez Tenoiro: 366, 367, 370, 732, 733
Joam: 1118
Joan de Gaia: 1452
Joan Zorro: 1163, 1164, 1168, 1169, 1170, 1165, 1167, 1162, 1166
Afonso Sanchez: 384, 379, 381, 383, 780, 781
Roi Martiiz do Casal: 1175, 1176
O conde Don Pedro: 1451
Joan Airas: 968, 969, 962, 1480, 1484, 1486, 1487
Joan de Requeixo: 1305
Estevan da Guarda: 1336
Pai Gomez Charinho: 813, 835, 839, 1636
Don Denis: 561, 583, 584, 585, 586, 587, 606, 609
Pedr'Amigo de Sevilha: 1100
Martin Moxa: 880
Afonso Gomez: 877, 878 (Martin Moxa)

Gonçal'Eanes do Vinhal: 1409, 1418, 723
Pero da Ponte: 989, 987, 993, 988
Estevan Coelho: 735, 736
Roi Fernandez de Santiago: 935
Fernan Fernandez Cogominho: 719
Pae de Cana: 937
Afonso X: 492, 494, 484, 487, 488, 489
Pedr'Eanes Solaz: 826, 1235
Meendinho: 848
Bernal de Bonaval: 1068, 1137, 1139, 1141, 1144, 1143, 1142
Bernal de Bonaval & Abril Perez: 1074
Airas Nunez: 1611, 876, 874, 872, 870, 869, 868, 865, 864, 866
Joan Soarez de Pavia: 1348

2.2. López-Aydillo, Eugenio (1914): *Las mejores poesías gallegas recopiladas, prologadas y cuidadosamente anotadas por Eugenio López-Aydillo*. Madrid: Imprenta Artística Española.

2.2.1. Caracterización.

A escolma de López-Aydillo aparece dividida en dúas partes: unha primeira, a modo de introdución, sobre as orixes da lírica galego-portuguesa, de como o galego precedeu o portugués e as diferentes tipoloxías das cantigas; e a segunda parte, denominada “La lírica moderna”, recolle os poetas do século XV en adiante.

A clasificación das cantigas vén feita por etapas, segundo o rei que estivese na corte nese momento.

As notas aparecen agrupadas ao final da antoloxía, e limítanse a facer unha breve biografía dos trobadores.

2.2.2. Textos.

Afonso IX: 456 (Afonso X)	Pedr' Amigo de Sevilha: 1110
Paai Soarez de Taveiros: 124	Joan Airas: 968
Pero Velho de Taveiros: 111	Don Denis: 510, 512, 517
Joan Soarez de Pavia: 1348	Martin Codax: 1298, 1299
Afons'Eanes do Cotom: 824, 1600	Pero Moogo: 1202, 1203, 1204
Afonso X: 488, 492, 494, 489	Airas Nunez: 864, 865, 874
Bernal de Bonaval: 1139, 1144, 1068	Nuno Fernandez Torneol: 658, 661
Bernal de Bonaval & Abril Perez: 1074	Meendinho: 848
Pero da Ponte: 834, 982	Fernand'Esquio: 1311
Joan Garcia de Guilhade: 386, 766, 1506	Joan Fernandez d'Ardeleiro: 1346 (Meen Rodriguez de Briteiros)
Paai Gomez Charinho: 835, 839	
Meen Rodriguez Tenoiro: 369	

2.3. De las Casas, Álvaro (1928): *Antología de la lírica gallega*. Madrid: Compañía Iberoamericana de Publicaciones.

2.3.1. Caracterización.

Esta antoloxía non se limita a incluír cantigas medievais, senón que recolle tamén os poetas do século XIX e principios do XX.

Abre o libro unha pequena introdución sobre a cronoloxía da literatura galega en xeral, e despois comeza o percurso histórico a través deles, comezando coa lírica medieval.

En ningunha cantiga hai anotacións de calquera tipo: só se limita a incluír no final unha pequena listaxe de vocabulario con termos traducidos ao español.

2.3.2. Textos.

Paai Soarez de Taveiros: 124	Paai Gomez Charinho: 835
Afons'Eanes do Coton: 824	Joan Airas: 968
Afonso X: 489, 488, 494	Martin Codax: 1298
Bernal de Bonaval: 1068, 1139	Pero Moogo: 1204, 1202, 1203
Bernal de Bonaval & Abril Perez: 1074	Roi Fernandez de Santiago: 903
Pero da Ponte: 834, 982	Joan Zorro: 1171
Joan Garcia de Guilhade: 386, 766	Nuno Fernandez Torneol: 658, 661

2.4. Pellegrini, Silvio (1928): *Auswahl altportugiesischer Lieder*. Alemaña: Halle / Saale.

2.4.1. Caracterización.

Esta antoloxía, escrita en alemán, conta cunha introdución e cun índice de autores medievais. As cantigas veñen adaptadas ao portugués e inclúese un glosario ao final que explica e traduce ao alemán as voces máis complexas do galego-portugués.

2.4.2. Textos.

Don Denis: 537, 541, 551, 602, 617	Estevan Coelho: 735, 736
Paai Soares de Taveiros: 121, 123, 124	Pero Viviae: 750
Martin Soares: 133	Afonso Sanchez: 781
Paai Gomez Charinho: 410, 415	Airas Nunez: 868, 870
Pedr'Eanes Solaz: 1235, 1236, 892, 825, 826	Pero Gonçalvez de Portocarreiro: 920
Anónimo: 897 (Martin Moxa), 2, 5	Joan Airas: 1011, 1020
Osoir'Anes: 13	Bernal de Bonaval: 1141
Gil Sanchez: 22	Joan Zorro: 1163, 1167
Joan Soares Somesso: 79	Pero Moogo: 1202, 1205
Rodrig'Eanes de Vasconcelos: 330	Nuno Treez: 1217
Pero da Ponte: 988	Martin de Ginzo: 1292
Afonso X: 478, 492, 379	Martin Codax: 1295, 1296
Joan Garcia de Guilhade: 759, 766	O rei Sancho: 451
Joan Lobeira: 229 (Anónimo)	

2.5. Nunes, José Joaquim (1932): *Florilégio da Literatura Portuguesa Arcaica trechos, coligidos en obras escritas desde o comêço do século XIII até os primeiros anos do século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional.

2.5.1. Caracterización.

Esta antoloxía ten un pequeno “Antelóquio” en que se nos explica que os textos están recollidos por orde cronolóxica, ao tempo que explicita os criterios de edición seguidos. Tamén se nos di que as mostras recollidas non só pretenden constituír unha mostra da literatura portuguesa da época, senón que tamén quere que sirvan para estudar a evolución da lingua portuguesa co paso dos séculos. A seguir están as cantigas, ordenadas por tipoloxía, e tras elas inclúe textos en prosa.

De cada cantiga inclúe notas ao pé explicando a forma orixinal dalgunha palabra en concreto que tivese dúbidas na súa interpretación ou tamén con comentarios de tipo retórico-literario.

2.5.2. Textos.

Vaasco Fernandez Praga de Sandim: 76, 649	Joan Lopez d'Ulhoa: 315, 710
Joan Soares Somesso: 96	Fernan Gonçalvez de Seavra: 349
Paai Soares de Taveiros: 118	Meen Rodriguez Tenoiro: 370, 731
Martin Soares: 138	Joan Garcia de Guilhade: 399, 1519
Airas Carpancho: 155, 677	Fernan Velho: 418
Nuno Fernandez Torneol: 160	Pedr'Eanes Solaz: 1236
Pero Garcia Burgales: 184	Don Denis: 533, 602
Joan Nunez Camanes: 209, 666	Estevan Fernandiz d'Elvas: 630
Fernan Garcia Esgaravunha: 215	Fernan Rodriguez de Calheiros: 644
Roi Queimado: 245, 730	Joan Perez d'Avoim: 683
Vaasco Gil: 263	Estevan Reimondo: 709
Joan Soares Coelho: 271, 699	Fernan Fernandez Cogominho: 717
Roi Paez de Ribela: 302	Gonçal'Eanes do Vinhal: 721

Estevan Travanca: 737
Rodrig'Eanes de Vasconcelos: 741
Afonso Meendez de Beesteiros: 744
Pero Gomez Barroso: 749

Joan Vaasquiz de Talaveira: 788
Nuno Perez Sandeu: 797
Gil Perez Conde: 1551

2.6. Lapa, Manuel Rodrigues (1940): *Crestomatia Arcaica*. Lisboa: Sá da Costa.

2.6.1. Caracterización.

É unha antoloxía portuguesa que conta cunha breve introdución en que se nos dá información sobre o contexto histórico e achega datos sobre a orixe da lingua portuguesa en relación ás outras linguas da península. Tras isto, explícanos como se recolleu a tradición medieval galego-portuguesa e os xéneros líricos en que se dividiu. Tamén cita os trobadores que máis composicións nos deixaron e os temas máis recorrentes.

Recolle tamén textos en prosa, non só a nivel literario senón tamén documentos notariais como compra-ventas e testamentos. De cada cantiga presenta un breve comentario sobre os recursos literarios utilizados ou coa aclaración de dificultades lingüísticas.

2.6.2. Textos.

Pai Soares de Taveiros: 124
Don Denis: 537, 541, 498, 506, 512, 513, 584, 603,
1557

Joan Gacia de Guilhade: 1506
Diego Pecelho: 1602

2.7. Cidade, Hernâni (1941 [1973]): *Poesia Medieval. I. Cantigas de Amigo*. Lisboa: Gráfica Lisbonense.

2.7.1. Caracterización.

A terceira edición desta antoloxía, do ano 1973 –versión que utilizamos–, incorpora correccións textuais e amplía as notas ao pé con relación á primeira edición de 1941.

Conta cunha introdución en que explica a tipoloxía das cantigas, centrándose sobre todo na diferenciación entre as cantigas de amigo e as de amor, os problemas das orixes da lírica e a lingua que se emprega nos cancioneros. Após estas cuestións preliminares, o autor ofrece algunhas notas biográficas sobre os trobadores que vai incluír, tendo en conta que a maioría dos datos son hipóteses, pois pouco se sabe de maneira certa sobre eles.

As cantigas aparecen ordenadas por temática específica dentro da cantiga de amigo, o único xénero representado na escolma, e todas elas inclúen notas que axudan a comprender mellor o texto.

2.7.2. Textos.

Don Denis: 585, 137, 587, 586, 583, 595, 576, 608
Nuno Fernandez Torneol: 656
Pero Moogo: 1203, 1208, 1204, 1202
Martin Codax: 1295
Paai Gomez Charinho: 839, 813, 835
Joan Zorro: 1164, 1169, 1171
Meendinho: 848

Joan Airas: 969, 1013, 1016, 1022, 1053, 1052,
1045, 1028, 965, 1019
Airas Nunez: 864, 870
Joan Servando: 1145, 1148
Afonso Lopez de Baiam: 753
Nuno Treez: 1218

Joan Garcia de Guilhade: 759, 769, 761, 760, 772, 771, 758, 774, 768
 Pero Viviae: 750
 Bernal de Bonaval: 1139, 1137
 Joan Soarez Coelho: 704, 698
 Estevan Coelho: 736, 735
 Fernan Rodriguez de Calheiros: 647, 645
 Joan Nunez Camanes: 669
 Pero da Ponte: 828, 829
 Airas Carpancho: 677
 Juião Bolseiro: 1188
 Martin de Ginzo: 1287
 Gonçal'Eanes do Vinhal: 723
 Joan Lopez d'Ulhoa: 712, 715
 Rodrig'Eanes Redondo: 292

Lourenço: 1276
 Roi Queimado: 732 (Meen Rodriguez Tenoiro)
 Vaasco Fernandez Praga de Sandim: 652
 Vaasco Perez Parda: 817
 Pero d'Armea: 1220
 Pae Calvo: 1252
 Estevan Travanca: 737
 Sancho Sanchez: 940
 Pedr'Amigo de Sevilha: 1233, 1227, 1232
 Afonso Sanchez: 780
 Joan Vaasquiz de Talaveira: 786
 Estevan da Guarda: 776
 Joan Baveca: 1245
 Galisteu Fernandez: 1274

2.8. Nemésio, Vitorino (195?): *A Poesia dos trovadores*. Portugal: Livraria Bertrand.

2.8.1. Caracterización.

Antes de comezar co prefacio, a obra de Vitorino Nemésio incorpora unhas imaxes tomadas dos cancioneros para que poidamos ver como estaban escritas as cantigas na súa forma orixinal e como algunha delas incorpora a partitura da música.

Xa no prefacio, explícanse as orixes da lírica e as diferentes tipoloxías das cantigas, así como as técnicas de versificación máis utilizadas.

Dentro do corpus das cantigas, os textos son organizadas por autor, do cal se proporcionan uns breves datos biográficos. Despois especifica a que tipo de cantiga pertence o texto que vai a seguir, e por último, as notas referidas a lingua ou a posíbeis problemas de interpretación, se os houber.

Pecha a antoloxía unha serie de trobadores tardíos, mais non os recolleemos neste traballo por non formar parte da tradición medieval propiamente dita.

2.8.2. Textos.

Pero Velho de Taveiros: 112, 113
 Fernan Paez de Tamalhancos: 49, 50
 Joan Soarez Somesso: 89
 Martin Soarez: 141, 147, 148
 Roi Paez de Ribela: 305
 Osoir'Anes: 12
 Nun'Eanes Cerzeo: 103, 105, 106, 108
 O rei Sancho: 451
 Gil Sanchez: 22
 Paai Soarez de Taveiros: 124, 121
 Vaasco Gil: 256, 263
 Pero Gonçalvez de Portocarreiro: 920, 922
 Joan Baveca: 1110
 Roi Queimado: 246, 249
 Pero Mafaldo: 345, 336
 Juião Bolseiro: 1182, 1183, 1188, 1193
 Bernal de Bonaval: 1139, 1068
 Pero da Ponte: 982, 985, 989
 Joan Garcia de Guilhade: 763, 766, 767, 772, 774, 783, 765, 389, 396, 1506

Lourenço: 1278, 1282
 Joan Perez d'Avoim: 682
 Joan Perez d'Avoim & Lourenço: 1420
 Joan Soarez Coelho: 697, 704, 705, 267, 272, 275
 Afonso X: 492
 Pero Garcia Burgales: 174, 179, 198, 199, 1398
 Rodrig'Eanes Redondo: 292, 692 (Joan Perez d'Avoim), 294
 Fernan Rodriguez de Calheiros: 645, 647, 648
 Martin Codax: 1295, 1298, 1299, 1300, 1301
 Meendinho: 848
 Gonçal'Eanes do Vinhal: 723
 Paai Gomez Charinho: 813, 835, 838, 839, 806, 410, 415
 Roi Fernandez de Santiago: 903, 906, 916
 Fernan Froiaz: 801, 802
 Joan Lopez d'Ulhoa: 313, 319
 Joan Zorro: 1163, 1164, 1165, 1166, 1167, 1168, 1169, 1170
 Airas Nunez: 864, 870, 867, 866, 865

Nuno Fernandez Torneol: 656, 160, 169, 171
Joan Airas: 969, 1011, 1034, 1049, 967
Martin Padrozelos: 1259
Lopo: 1268, 1271
Nuno Treez: 1217, 1218
Nuno Perez Sandeu: 796, 797
Pero Viviaez: 750
Martin de Ginzo: 1287, 1290, 1292, 1294
Pedr'Eanes Solaz: 891, 1235, 1236, 892
Pero Moogo: 1202, 1203, 1204, 1205, 1207, 1208
Fernan Gonçalvez de Seavra: 347, 355

Pero de Veer: 1131, 1136
Vidal: 1616, 1617
Don Denis: 517, 551, 572, 583, 585, 586, 611, 619,
496, 507, 509, 510, 512, 537, 541, 534, 550, 559,
565
Afonso Sanchez: 780, 379
Estevan Coelho: 735, 736
Joan Meendiz de Briteiros: 862
Fernand'Esquio: 1314, 1315, 1310
Anónimo: 149, 442, 443, [897, 887 (Martin
Moxa)], 4, 5

2.9. Fernández Pousa, Ramón (1951): *Selección literaria del idioma gallego (siglos XI-XX)*.
Madrid: SE.

2.9.1. Caracterización.

A antoloxía de Fernández Pousa limítase a recoller os textos, desde as carxas medievais, incorrectamente consideradas como parte da literatura española, até a literatura galega do século XIX.

De cada trobador inclúe uns pequenos datos biográficos e, aínda que en ningunha das mostras recollidas haxa algún tipo de nota ao pé, incorpora un pequeno glosario ao final do libro onde recolle a tradución e a explicación en español das palabras máis problemáticas.

2.9.2. Textos.

Afonso IX: [452, 453 (Afonso X)]
Roi Martiiz do Casal: 1175
Afonso X: 483, 485
Paai Gomez Charinho: 409, 1636, 838, 813, 839,
835
Martin Anes Marinho: 1633
Pero Anes Marinho: 938
Pae de Cana: 936
Fernan Garcia Esgaravunha: 221
Lopo: 1268, 1114
Rodrig'Eanes d'Alvares: 977
Fernan do Lago: 1304
Fernan Figueira de Lemos: 21
Fernan Gonçalvez de Seavra: 353, 752
Pero da Ponte: 831, 987
Paai Soarez de Taveiros: 124
Martin de Caldas: 1215
Fernand'Esquio: 1314
Joan de Requeixo: 1305, 1309
Nuno Fernandez Torneol: 656, 1389
Joan Perez d'Avoim: 691
Martin Soarez: 1375
Joan Soarez Somesso: 85
Nuno Rodriguez de Candarei: 156
Pedr'Eanes Solaz: 826, 1235
Vaasco Gil: 679
Pero Garcia Burgales: 664, 197
Afons'Eanes do Cotom: 1591, 970, 823
Joan Garcia de Guilhade: 386, 1514
Joan Baveca: 1243
Pedr'Amigo de Sevilla: 1100

Roi Queimado: 244, 728
Joan Soarez Coelho: 278, 700
Joan de Gaia: 1467
Meendinho: 848
Estevan Coelho: 735
Joan Zorro: 1171, 1163
Joan Lobeira: 229 (Anónimo)
Gonçal'Eanes do Vinhal: 721, 1409
Meen Rodriguez Tenoiro: 732, 365
Martin Moxa: 887, 885
Fernan Fernandez Cogominho: 719
Lourenço: 1278
Joan Nunez Camanes: 668
Airas Nunez: 870, 865
Pero Garcia d'Ambroa: 1583
Martin Codax: 1295, 1298, 1301
Abril Perez & Bernal de Bonaval: 1074
Nuno Treez: 1217, 1218
Pero de Berdia: 1121
Pero Moogo: 1205, 1208
Airas Carpancho: 678, 153
Roi Fernandez de Santiago: 935, 903
Joan de Cangas: 1284
Nuno Fernandez de Mirapeixe: 19
Pero d'Armea: 1220, 1088
Don Denis: 584, 585, 609
Martin de Giizo: 1290, 1294
Joan Airas: 969, 1011
Afonso Gomez: 877
Vaasco Fernandez Praga de Sandim: 651, 67
Golparro: 1283

Afonso Sanchez: 781, 384
Estevan da Guarda: 1336, 776

Juão Bolseiro: 1185, 1183
Roi Paez de Ribela: 309, 1458

2.10. Piccolo, Francesco (1951): *Antologia della lirica d'amore gallego-portoghese*. Napoli: Edizioni Scientifiche Italiane.

2.10.1. Caracterización.

Esta escolma italiana comeza cunha introdución en que o autor fai un repaso dos trobadores que vai incluír nas páxinas seguintes.

As cantigas están adaptadas ao portugués contemporáneo e inclúen a tradución ao italiano en nota a rodapé. Delas tamén se se achega o esquema métrico e rimático. Ao final da antoloxía, nun capítulo intitulado “Note”, aparece un pequeno comentario de cada cantiga, acabado cun un glosario cos termos traducidos ao italiano.

2.10.2. Textos.

Vasco Gil: 260
Bernal de Bonaval: 1074
Gil Sanchez: 22
Vasco Fernandez Praga de Sandim: 66, 67, 64
Joan Soarez Somesso: 77, 79
Pero Velho de Taveiros: 111, 123
Fernan Paez de Tamalhancos: 47
Pedr'Eanes Solaz: 1235, 892
Nuno Porco: 1130
Airas Carpancho: 152
Joan Garcia de Guilhade: 387, 393, 385, 391, 392, 386, 390
Joan Perez d'Avoim: 265 (Joan Soarez Coelho), 691
Martin Soarez: 133, 114, 145
Fernan Gonçalvez de Seavra: 353, 359
Joan Lopez d'Ulhoa: 312, 319, 320
Pero Gomez Barroso: 361
Fernan Rodriguez de Calheiros: 39, 648
Rodrig'Eanes de Vasconcelos: 330
Nuno Fernandez Torneol: 656
Rodrig'Eanes Redondo: 290 (Joan Perez d'Avoim), 294
Joan Soarez Coelho: 271, 272, 274, 273, 281, 285
Fernan Garcia Esgaravunha: 215, 219, 220, 226
Martin de Ginzo: 1287, 1288, 1290
Joan Meendiz de Briteiros: 861

Joan Servando: 1152, 1149
Roi Queimado: 236, 237, 242, 247
Pero Garcia Burgales: 182, 175, 183, 197, 199, 203, 186, 204, 205, 207, 664, 1398
Rui Gomez, o freire: 23
Lourenço: 1277, 1280
Joan de Requeixo: 1307
Fernan Velho: 418, 420, 421, 815, 424
Pero Gonçalvez de Portocarreiro: 922
Joan Airas: 968
Ainas Nunez: 864, 872, 870
Juão Bolseiro: 1184, 1185, 1182
Pero Mafaldo: 345
Pero da Ponte: 982, 985, 831, 986, 988
Vasco Rodriguez de Calvelo: 1002
Roi Paez de Ribela: 300, 309
Joan Vaasquiz de Talaveira: 406, 786
Nun'Eanes Cerzeo: 103, 105
Roi Fernandez de Santiago: 901
Joan Nunez Camanes: 210
Bonifacio Calvo: 430, 431
Paai Gomez Charinho: 408, 410, 835, 415
Martin Codax: 1295, 1298
Sancho Sancchez: 939, 940
Don Denis: 537, 541, 551, 587, 606
Afonso Sanchez & Vasco Martiiz: 384

2.11. Nunes, José Joaquim (1959 [1906]): *Crestomatia Arcaica: excertos da literatura portuguesa desde o que máis antigo se conhece até ao século XVI: acompanhados de introdução gramatical, notas e glossário*. Lisboa: Livraria Clássica Editora.

2.11.1. Caracterización.

A primeira edición desta antoloxía de Nunes é do ano 1906, mais contou con diversas edicións, até á quinta de 1959, que nós manexamos.

Ábrese cunha introdución que trata os temas da orixe da lingua portuguesa e as súas modificacións en todos os niveis co paso do tempo. A seguir, os textos son organizados nos capítulos “Prosa” e “Verso”, e cada unha das partes está organizada por séculos e por temas e, no caso das cantigas, tamén segundo a estrutura que teñan.

Ao final do libro veñen unha serie de datos biográficos dos autores recollidos e un glosario daquelas voces de máis difícil comprensión para un lector moderno.

2.11.2. Textos.

Vasco Fernandez Praga de Sandim: 75, 650	Joan Vaasquiz de Talaveira: 404, 786, 1566
Joan Soarez Somesso: 79	Paai Gomez Charinho: 410, 813, 839, 415
Paai Soarez de Taveiros: 121, 653	Joan Airas: 945, 1044, 1048, 969
Gil Sanchez: 22	Don Denis: 512, 590, 571, 573, 517, 551, 564, 593, 591, 582, 583, 587, 606, 586, 609, 585
Osoir’Anes: 13	Estevan da Guarda: 637
Airas Carpancho: 153, 673, 678, 675	O conde Don Pedro: 626
Pero Velho de Taveiros: 112	Pero Mafaldo: 333, 336
Airas Moniz d’Asma: 6	Rodrig’Eanes de Vasconcelos: 330
Nuno Fernandez de Mirapeixe: 18	Estevan Faiam: 400
Bernal de Bonaval: 1068, 1140, 1142, 1137, 1139	Bernal de Bonaval & Abril Perez: 1074
Martin Soarez: 133, 1384	Afonso Sanchez & Vasco Martiiz: 384
Vasco Gil: 256, 679	Lopo: 1269, 1268
Joan Garcia de Guilhade: 386, 387, 758	Joan Garcia: 841
Pero da Ponte: 985, 831, 828, 988, 990	Pae de Cana: 937
Fernan Rodriguez de Calheiros: 31, 641, 648	Juíão Bolseiro: 1184, 1182, 1183, 1193, 1185, 1186
Fernan Paez de Tamalhancos: 50	Sancho Sanchez: 939, 940
Meen Rodriguez Tenoiro: 366, 732	Joan Baveca: 1241, 1239
Fernan Garcia Esgaravunha: 224	Airas Nunez: 870, 864, 872, 865
Joan Soarez Coelho: 281, 695, 703, 1423, 1434	Pae Calvo: 1253
Joan Nunez Camanes: 210, 669	Vasco Perez Pardal: 820
Afonso X: 466	Estevan Reimondo: 708, 709
Roi Paez de Ribela: 309, 1455	Pero Gonçalvez de Portocarreiro: 920, 922
Roi Fernandez de Santiago: 901, 930	Pero de Berdia: 1122
Fernan Velho: 417, 815	Martin de Caldas: 1211
Joan Lopez d’Ulhoa: 312, 711, 715	Martin Padrozelos: 1254, 1262
Fernan Fernandez Cogominho: 322, 719	Martin de Ginzo: 1288, 1292, 1294, 1287, 1289, 1290
Fernan Gonçalvez de Seavra: 353	Airas Paez: 1303, 1102
Afonso Meendez de Beesteiros: 337, 745, 1577	Pero Viviae: 750
Nuno Fernandez Torneol: 163, [1216, 1218 (Nuno Treez)], 657, 659, 656, 660, [1217, 1219 (Nuno Treez)]	Joan Servando: 1150, 1152, 1153, 1157, 1149, 1160
Pero Gomez Barroso: 362, 1463, 1464, 1007	Joan de Cangas: 1286
Pedr’Eanes Solaz: 892, 891, 825, 826	Fernan do Lago: 1304
Diego Moniz: 9	Joan de Requeixo: 1305, 1306, 1307, 1308, 1309
Fernan Figueira de Lemos: 20	Joan Meendiz de Briteiros: 861
Nuno Rodriguez de Candarei: 156	Pero Moogo: 1206, 1203, 1205, 1204, 1207, 1208
Estevan Fernandez d’Elvas: 632	Fernan Froiaz: 801, 802
Fernan Padrom: 980	Pero d’Armea: 1080, 1220
Pero Dornelas: 640	Pedr’Amigo de Sevilha: 1225, 1227, 1100, 1226
Vasco Rodriguez de Calvelo: 999	Lourenço: 1280, 1277, 1278
Nun’Eanes Cerzeo: 105	Estevan Coelho: 736, 735
Joan Perez d’Avoim: 265 (Joan Soarez Coelho), 684, 688, 691	Afons’Eanes do Cotom: 823
Pero Garcia Burgales: 177, 664, 665, 1391, 1398	O rei Sancho: 451
Roi Queimado: 247, 729	Nuno Porco: 1130
Rodrig’Eanes Redondo: 291	Martin Codax: 1296, 1298, 1295, 1297, 1299, 1301, 1300
Afonso Lopez de Baiam: 363, 755, 756, 1489, [1553, 1556 (Don Denis)]	Joan Zorro: 1163, 1164, 1165, 1167, 1168, 1169, 1170, 1171

Meendinho: 848
Roi Martinz do Casal: 1175
Afonso Sanchez: 781
Fernand'Esquio: 1314
Lopo Lias: 1373
Gil Perez Conde: 1540, 1541
Airas Perez Vuitorom: 1498, 1497
Nun'Eanes: 1571

Diego Pecelho: 1602, 1544 (Gil Perez Conde)
Anónimo: 897 (Martin Moxa)
Joan Soarez Coelho & Picandon: 1431
Pero Garcia d'Ambroa & Joan Baveca: 1583
Joan Perez d'Avoín & Lourenço: 1420
Joan Airas & Joan Vaasquiz de Talaveira: 1570
Joan de Gaia: 1452
Don Denis: 523, 530, 541, 564, 585, 606

2.12. Oliveira, Corrêa de & Machado, E. Saavedra (1959): *Textos portugueses medievais*.
Coimbra: Coimbra Editora, limitada.

2.12.1. Caracterización.

Antoloxía que recolle fragmentos de todo tipo, desde poesía profana e relixiosa até prosa medieval de diversos temas, como ciencia ou filosofía, e traducións.

Abre o volume unha introdución que explica as características do portugués arcaico e o proceso de transcripción para a antoloxización das cantigas.

A seguir, as cantigas, todas elas clasificadas por épocas e por tipoloxía e, de cada unha, inclúe notas ao pé que, ademais de explicar o significado de palabras ou expresións, nos subministra datos sobre o tipo de cantiga e o seu contido.

2.12.2. Textos.

Paai Soarez de Taveiros: 124, 121, 653
Martin Soarez: 133, 1384
Gil Sanchez: 22
Afonso X: 464, 466, 492
Paai Gomez Charinho: 410, 813, 415
Joan Garcia de Guilhade: 387
Pero da Ponte: 985, 982, 983, 989
Roi Queimado: 241
Joan Airas: 956, 969, 1050, 965
Joan Lobeira: 229 (Anónimo)
Don Denis: 561, 541, 503, 537, 533, 550, 512, 528, 530, 551, 564, 590, 585, 584, 586, 609, 599, 591, 1553, 1558
O conde Don Pedro: 626
Estevan da Guarda: 635
Afonso Sanchez & Vaasco Martiiz: 384
Nun'Eanes Cerzeo: 108
Joam: 1119
O rei Sancho: 451
Airas Carpancho: 673
Fernan Rodriguez de Calheiros: 647
Bernal de Bonaval: 1139
Joan Soarez Coelho: 701, 695, 1434

Pero Viviaz: 750
Joan Servando: 1152
Pero Garcia Burgales: 665, 1398
Pedr'Amigo de Sevilha: 1226, 1227
Martin Codax: 1295, 1300
Airas Nunez: 870
Meendinho: 848
Nuno Fernandez Torneol: 656, 660
Pero Moogo: 1208
Estevan Coelho: 735
Afonso Sanchez: 781
Fernan do Lago: 1304
Joan de Requeixo: 1307
Fernand'Esquio: 1314
Diego Pecelho: 1602
Airas Perez Vuitorom: 1497
Afonso Meendez de Beesteiros: 1577
Pero Gomez Barroso: 1007
Pero Mafaldo: 336
Joan de Gaia: 1452
Pero Garcia d'Ambroa & Joan Baveca: 1583
Joan Perez d'Avoín & Lourenço: 1420

2.13. Vasconcellos, José Leite de (1959): *Textos Arcaicos*. Lisboa: Livraria Clássica Editora.

2.13.1. Caracterización.

Antoloxía que comeza directamente cos textos, e non só recolle a lírica, mais tamén documentos oficiais en latín, en portugués e fragmentos narrativos. É no final da obra onde podemos encontrar a historia da lingua e as diferentes épocas da literatura portuguesa.

As cantigas inclúen breves notas ao pé de páxina, que veñen explicadas máis pormenorizadamente nas páxinas finais, xunto ao glosario.

2.13.2. Textos.

O rei Sancho: 451	Joan Soares Coelho: 268
Gil Sanchez: 22	Rodrig'Eanes Redondo: 290 (Joan Perez d'Avoim)
Vaasco Fernandez Praga de Sandim: 650	Joan Garcia de Guilhade: 389
Paai Soares de Taveiros: 655	Pae de Cana: 936
Nuno Fernandez Torneol: 169	Roi Fernandez de Santiago: 930
Fernan Garcia Esgaravunha: 224	Pero Gonçalvez de Portocarreiro: 922
Vaasco Gil: 260	Fernand'Esquio: 1314

2.14. Tavares, José Pereira (1961): *Antologia de textos medievais*. Lisboa: Livraria Sá da Costa Editora.

2.14.1. Caracterización.

Antoloxía que comeza cunha introdución en que se explica como foi evolucionando o portugués arcaico. Está dividida en dúas partes: a primeira dedicada á lírica e, a segunda, á prosa.

Dentro da primeira parte, as cantigas están recollidas por época e en cada unha está especificado o tipo a que pertence. Por súa vez, esta primeira sección divídese noutras dúas: a primeira, centrada nos cancioneros da Ajuda, da Vaticana e da Biblioteca Nacional; e a segunda, no Cancioneiro Geral de Garcia de Resende.

Inclúe notas ao pé coas palabras e as expresións máis difíciles, así como aclaracións dalgún nome propio ou lugar. Para máis aclaracións, incorpora tamén un glosario final.

2.14.2. Textos.

Paai Soares de Taveiros: 124	Bernal de Bonaval: 1068
O rei Sancho: 451	Nuno Fernandez Torneol: 660
Gil Sanchez: 22	Joan Perez d'Avoim: 691
Afonso X: 464, 465, 466	Afonso Meendez de Beesteiros: 745
Don Denis: 495, 500, 503, 510, 515, 523, 530, 533, 537, 541, 550, 569, 517, 551, 564, 575, 579, 583, 585, 586, 591, 599, 603, 607, 1556, 1558	Paai Gomez Charinho: 813
O conde Don Pedro: 627	Pedr'Amigo de Sevilha: 1100
Pero da Ponte: 982	Joan Zorro: 1164, 1165
Roi Queimado: 247, 250, 729	Martin Codax: 1295
Airas Nunez: 869, 873	Joan Servando: 1149
Joan Airas: 949, 1016	Joan Garcia de Guilhade: 771, 770
	Pero Garcia Burgales: 1398
	Nun'Eanes Cerzeo: 108, 109

2.15. Fonseca, Fernando Venâncio Peixoto da (1971): *Clássicos Portugueses. Trechos Escolhidos. Cantigas de escárnio e maldizer dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Livraria Clássica.

2.15.1. Caracterización.

Esta selección poética de xénero conta cun prefacio en que se nos explica a historia dos cancioneros orixinais medievais e a tipoloxía das cantigas de escarnio e maldizer, tipoloxía, ou ciclos, en que se dividirá a antoloxía nas páxinas seguintes: “O sirventés pessoal e a graça

galego-portuguesa”, “Alguns sirventeses morais”, “Exemplos de sirventeses políticos”, “O ciclo da entrega dos castelos”, “A cruzada da Balteira”, “A cruzada de Pero de Ambroa”, “O escándalo das amas”, “Guarecer per trobar ou o jogral Lourenço”, “A guerra de Granada e a cobardia dos cavaleiros” e “A penúria dos infanções”.

Cada cantiga inclúe un pequeno comentario en que, ademais de explicar o tema, achega datos de tipo formal.

2.15.2. Textos.

Martin Soarez: 124 (Paai Soarez de Taveiros)
 Pero Garcia Burgales: 1391, 1398
 Joan de Gaia: 1452
 Joan Soarez Coelho & Picandom: 1431
 Don Denis: 1561, 1556, 1555, 1558, 1553
 Joan Garcia de Guilhade: 1519, 1506, 1520
 O conde Don Pedro: 1446
 Joan Soarez Coelho: 1434, 1423
 Paai Gomez Charinho: 415
 Afonso Lopez de Baiam: 1489
 Joan Airas & Joan Vaasquiz de Talaveira: 1570
 Pero Garcia d’Ambroa & Joan Baveca: 1583
 Pero da Ponte: 1667, 1648, 1649
 Pero Gomez Barroso: 1007
 Anónimo: 897 (Martin Moxa)
 Pero Mafaldo: 336
 Airas Nunez: 865
 Joan Soarez de Pavia: 1348
 Diego Pecelho: 1602
 Airas Perez Vuitorom: 1498, 1497

Afonso Meendez de Beesteiros: 1578, 1577
 Joan Vaasquiz de Talaveira: 1566
 Vasco Perez Pardal & Pedr’Amigo de Sevilla: 1528
 Fernan Velho: 1523
 Pedr’Amigo de Sevilla: 1677, 1673
 Fernan Garcia Esgaravunha: 1530
- 1441 «De quant' oj' eu no mundo me [te]mia»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1442 «– Rodrig' Eanes, queria saber»: Torres (1977); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Pena (1990); Pena (1993); Alvar & Talens (2009)
- 1443 «Pedr' Amigo duas sobervias faz»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1444 «– Quero que julgedes, Pero Garcia»: Torres (1977); Tavares (1987); Pena (1990)
- 1445 «– Joan Vaasquez, moiro por saber»: Fonseca (1971); Torres (1977); Alvar & Beltrán (1989)
- 1446 «Alvar Ro[drigu]iz, monteiro maior»: Fonseca (1971); Tavares (1987); Marcenaro (2006)
- 1447 «Os privados que d' el-rei an»: Landeira (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Alvar & Talens (2009)
- 1448 «Un cavaleiro avia»: Tavares (1987); Arias (1993); Marcenaro (2006)
- 1449 «Natura das animalhas»: Álvarez (1975); Torres (1977); Correia (1978); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Mongelli (2009)
- 1450 «Mandei pedir, noutro dia»: Álvarez (1975); Torres (1977); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1451 «Martin Vasquez, noutro dia»: De la Iglesia (1886); Álvarez (1975); Tavares (1987)
- 1452 «Vosso pai na rua»: De la Iglesia (1886); Nunes (1959); Oliveira & Saavedra (1959); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987); Pena (1990); Ferreira (1991); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1453 «Vej' eu mui ben que por amor»: Álvarez (1975)
- 1454 «A donzela de Biscaia»: Martín & Ruíz (1972); Álvarez (1975); Landeira (1975); Correia (1978); Tavares (1987); VV.AA. (2007)
- 1455 «Preguntad' un ricome»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Alvar & Talens (2009)
- 1456 «Un ricomaz, un ricomaz»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Arias (2003); Fidalgo (2009)
- 1457 «Comendador, u m' eu quitei»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989)

- 1458 «– Maria Genta, Genta, da saia cintada»: Fernández (1951); Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1459 «Meu senhor, se vos aprouguer»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1460 «Pero Lourenço, comprastes»: Tavares (1987)
- 1461 «Moir’ eu aqui de grand’ afan»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); VV.AA. (2007)
- 1462 «Sei eu un ricome, se Deus mi perdon»: Tavares (1987)
- 1463 «Un ricome que oj’ eu sei»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1464 «Chegou aqui Don Foão e veo mui ben guisado»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Alvar & Talens (2009)
- 1465 «Meu senhor, direi-vos ora»: Tavares (1987)
- 1466 «Pero d’ Ambroa, se Deus mi perdon»: Tavares (1987)
- 1467 «Come asno no mercado»: Fernández (1951); Tavares (1987)
- 1469 «Meus amigos, pois me Deus foi mostrar»: Álvarez (1975); Ferreiro & Martínez II (1996)
- 1471 «Eu convidei un prelado a jantar, se ben me venha»: Landeira (1975); Gonçalves & Ramos (1983); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003)
- 1472 «Bernal Fendudo, quero-vos dizer»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1473 «Un escudeiro vi oj’ arrufado»: Tavares (1987); Marcenaro (2006)
- 1474 «Maior Garcia sempr’ oi[o] dizer»: Tavares (1987)
- 1475 «Pero d’ Ambroa prometeu, de pran»: Tavares (1987)
- 1476 «Pero d’ Ambroa, sodes maiordomo»: Tavares (1987)
- 1477 «Estavan oje duas soldadeiras»: Tavares (1987); Marcenaro (2006); Mongelli (2009)
- 1478 «Don Bernaldo, pesa-me que tragedes»: Landeira (1975); Tavares (1987); Arias (1993)
- 1479 «Par Deus, amigos, gran torto tomei»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Alvar & Talens (2009)
- 1480 «Pero Garcia me disse»: De la Iglesia (1886); Álvarez (1975); Tavares (1987); Marcenaro (2006)
- 1481 «Quando chaman Joan Airas reedor, ben cuid’ eu logo»: Tavares (1987)
- 1482 «Dizen que ora chegou Don Beeito»: Tavares (1987)
- 1483 «Don Beeito, ome duro»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Pena (1990); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1484 «U con Don Beeito aos preitos veeron»: De la Iglesia (1886); Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1485 «Ai Justiça, mal fazedes que non»: Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1486 «Ûa dona –non dig’ eu qual–»: De la Iglesia (1886); Correia (1978); Tavares (1987); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006); Mongelli (2009)
- 1487 «Don Pero Nunez era entorvado»: De la Iglesia (1886); Tavares (1987); Pena (1990)
- 1488 «Oi d’ Alvelo que era casado»: Tavares (1987)
- 1489 «Sia Don Belpelho en ùa sa maison»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Landeira (1975); Torres (1977); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Alvar & Talens (2009)
- 1490 «En Arouca ùa casa faria»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987); Pena (1990); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Fidalgo (2009)
- 1491 «Deu ora el-rei seus dinheiros»: Álvarez (1975); Marcenaro (2006)

- 1492 «Don Estevão achei noutro dia»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1493 «Don Estevão, eu eiri comi»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1494 «Don Estevão, tan de mal talan»: Tavares (1987)
- 1495 «Don Bernaldo, porque non entendedes»: Landeira (1975); Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1496 «Pois que Don Gomez Çura querria»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1497 «A lealdad' é da bezerra que pela Beira muito anda»: Nunes (1959); Oliveira & Saavedra (1959); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Torres (1977); Tavares (1987); Pena (1990); Ferreira (1991); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003)
- 1498 «Don Estevão diz que desamor»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1499 «Fernan Diaz é aqui, como vistes»: Álvarez (1975); Gonçalves & Ramos (1983); Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006)
- 1500 «Don Fernando, vejo-vos andar ledos»: Landeira (1975); Tavares (1987); Arias (1993); Marcenaro (2006)
- 1501 «Joan Soarez, pero vós teedes»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1502 «Correola, sodes adeantado»: Tavares (1987)
- 1503 «Don Martin Galo ést' acostumado»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1504 «Ja-u s' achou con torpes, que fezeron»: Tavares (1987)
- 1505 «Joan Nicolas soube guarecer»: Álvarez (1975); Tavares (1987)
- 1506 «Ai dona fea, fostes-vos queixar»: López-Aydillo (1914); Lapa (1940); Nemesio (195?); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Torres (1977); Correia (1978); Gonçalves & Ramos (1983); Tavares (1987); Ferreira (1988); Pena (1990); Ferreira (1991); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006); VV.AA. (2007); Mongelli (2009)
- 1507 «Un cavalo non comeu»: Martín & Ruíz (1972); Álvarez (1975); Landeira (1975); Torres (1977); Tavares (1987); Pena (1990); Arias (1993)
- 1508 «Elvira Lopez, que mal vos sabedes»: Tavares (1987); Arias (1993); Marcenaro (2006)
- 1509 «Elvira Lopez, aqui, noutro dia»: Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Fidalgo (2009)
- 1510 «Martin jogar, que gran cousa»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Torres (1977); Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); VV.AA. (2007)
- 1511 «Martin jogar, ai Dona Maria»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Arias (1993)
- 1512 «Par Deus, infançon, queredes perder»: Tavares (1987)
- 1513 «– Lourenço jogar, ás mui gran sabor»: Fonseca (1971); Torres (1977); Tavares (1987); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Fidalgo (2009); Mongelli (2009)
- 1514 «– Muito te vejo, Lourenço, queixar»: Fernández (1951); Álvarez (1975); Torres (1977); Tavares (1987)
- 1515 «Lourenço, pois te quitas de rascar»: Tavares (1987)
- 1516 «Ora quer Lourenço guarir»: Tavares (1987)
- 1517 «Nunca [a]tan gran torto vi»: Correia (1978); Tavares (1987); Marcenaro (2006)
- 1518 «Dona Ouroana, pois ja besta avedes»: Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1519 «A Don Foan quer' eu gran mal»: Nunes (1932); Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1520 «Par Deus, Lourenço, mui desaguizadas»: Fonseca (1971); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006); Alvar & Talens (2009); Fidalgo (2009)
- 1521 «Don Foan disse que partir queria»: Tavares (1987)

- 1522 «Vi eu estar noutro dia»: Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1523 «Maria Perez se maenfestou»: Fonseca (1971); Tavares (1987); Jensen (1992); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Fidalgo (2009); Mongelli (2009); Dunne (2010)
- 1524 «Vedes agora que mala ventura»: Tavares (1987)
- 1525 «De qual engano prendemos»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1526 «Don Ansur, per qual serviço fazedes»: Tavares (1987)
- 1527 «Senhor, Don Ansur se vos querelou»: Tavares (1987)
- 1528 «– Pedr’ Amigo, quero de vós saber»: Fonseca (1971); Tavares (1987); Jensen (1992); Arias (2003)
- 1529 «Nenguen-min, que vistes mal doente»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1530 «Esta ama, cuj’ é Joan Coelho»: Fonseca (1971); Torres (1977); Gonçalves & Ramos (1983); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Fidalgo (2009); Mongelli (2009)
- 1531 «– Rei Don Alfonso, se Deus vos perdon»: Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Alvar & Talens (2009)
- 1532 «Maria Perez, and’ eu mui coitado»: Torres (1977); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); VV.AA. (2007)
- 1534 «Jograr, tres cousas avedes mester»: Tavares (1987); Marcenaro (2006)
- 1535 «Non troux’ estes cavaleiros aqui»: Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1536 «Tantas minguas achan a Don Foan»: Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1537 «Pôs conta el-rei en todas sas fronteiras»: Fonseca (1971); Landeira (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); VV.AA. (2007); Alvar & Talens (2009)
- 1538 «Mia senhor, ja eu morrera»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); VV.AA. (2007)
- 1539 «Quen nunca sal da pousada»: Fonseca (1971); Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1540 «Un porteir’ á en cas d’ el-rei»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1541 «Quite-mi a mi meu senhor»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Correia (1978); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); VV.AA. (2007); Alvar & Talens (2009)
- 1542 «Mentr’ esta guerra foi, assi»: Fonseca (1971); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1543 «Os vossos meus maravedis, senhor»: Fonseca (1971); Torres (1977); Gonçalves & Ramos (1983); Tavares (1987); Ferreira (1988); Alvar & Beltrán (1989); Pena (1990); Ferreira (1991); Jensen (1992); Arias (2003); Marcenaro (2006); Alvar & Talens (2009)
- 1544 «Non é Amor en cas de rei»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Torres (1977); Correia (1978); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Pena (1990); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Mongelli (2009)
- 1545 «Quen me podia defender»: Torres (1977); Tavares (1987)
- 1546 «Ja eu non ei por quen trobar»: Torres (1977); Correia (1978); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1547 «A la fe, Deus, se non por vossa madre»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1548 «Quer-mi a mi ãa dona mal»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez II (1996)
- 1550 «D’ un ome sei eu de mui bon lugar»: Tavares (1987)
- 1551 «Ben sabedes, senhor rei»: Nunes (1932); Fonseca (1971); Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1552 «Ou é Melion Garcia queixoso»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1553 «Tant’ é Melion pecador»: Nunes (1959); Oliveira & Saavedra (1959); Fonseca (1971); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1554 «Joan Bolo jov’ en ãa pousada»: Tavares (1987); Marcenaro (2006)
- 1555 «De Joan Bol’ and’ eu maravilhado»: Fonseca (1971); Torres (1977); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)

- 1556 «Joán Bol' anda mal desbaratado»: Nunes (1959); Tavares (1961); Fonseca (1971); Torres (1977); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989)
- 1557 «U noutro dia Don Foan»: Lapa (1940); Tavares (1987)
- 1558 «U noutro dia seve Don Foan»: Oliveira & Saavedra (1959); Tavares (1961); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Torres (1977); Gonçalves & Ramos (1983); Tavares (1987); Ferreira (1988); Ferreira (1991); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1559 «Disse-m' oj' un cavaleiro»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1560 «Melhor ca m' eu governo»: Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1561 «Deus, com' ora perdeu Joan Simion»: Fonseca (1971); Torres (1977); Tavares (1987)
- 1562 «Joan Fernandiz quer [ir] guerrejar»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1563 «Joan Fernandiz, aqui é chegado»: Tavares (1987)
- 1564 «Direi-vos ora que oi dizer»: Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1565 «O que veer quiser, ai cavaleiro»: Landeira (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003)
- 1566 «Ben viu Dona Maria»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1567 «Maria Leve, u se maenfestava»: Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1570 «– Joan Airas, ora vej' eu que á»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Tavares (1987); Ferreira (1991); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1571 «Un infançon mi á convidado»: Nunes (1959); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Alvar & Talens (2009)
- 1572 «*Ai amor, amore de Pero Cantone*»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1573 «Don Guilhelm' e Don Adan e Don Miguel Carriço»: Landeira (1975); Tavares (1987); Pena (1990)
- 1574 «*Lop' Anaiá*»: Tavares (1987); Arias (1993); Arias (2003)
- 1575 «Contar-vos-ei custumes e feiturás»: Landeira (1975); Tavares (1987); Mongelli (2009)
- 1576 «*Rei Judaeorum, Iesu Nazareno*»: Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1577 «Don Foão, que eu sei que á preço de livão»: Nunes (1959); Oliveira & Saavedra (1959); Fonseca (1971); Torres (1977); Tavares (1987); Ferreira (1988); Alvar & Beltrán (1989); Ferreira (1991); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003)
- 1578 «Ja lhi nunca pedirán»: Fonseca (1971); Torres (1977); Gonçalves & Ramos (1983); Tavares (1987); Jensen (1992)
- 1579 «O arraiz de Roi Garcia»: Tavares (1987)
- 1580 «Fernan Diaz, fazen-vos entender»: Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1582 «[...] Ca vós non sodes d' amor tan forçado»: Tavares (1987)
- 1583 «– Joan Baveca, fe que vós devedes»: Fernández (1951); Nunes (1959); Oliveira & Saavedra (1959); Fonseca (1971); Álvarez (1975); Tavares (1987)
- 1584 «Os beesteiros daquesta fronteira»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006); VV.AA. (2007)
- 1585 «De Pero Bão and' ora espantado»: Tavares (1987)
- 1586 «Pedi eu o cono a ãa molher»: Torres (1977); Tavares (1987); Pena (1990); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); VV.AA. (2007); Mongelli (2009)
- 1587 «Sabedes vós: meestre Nicolao»: Landeira (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Jensen (1992); Alvar & Talens (2009)
- 1588 «Maior Garcia ést' omiziada»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1589 «Abadessa, oi dizer»: Torres (1977); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006); VV.AA. (2007); Fidalgo (2009); Mongelli (2009)

- 1590 «Foi Don Fagundo un dia convidar»: Torres (1977); Tavares (1987); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003)
- 1591 «Veeron-m' agora dizer»: Fernández (1951); Torres (1977); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1592 «Fernán Gil an[d]' aqui ameaçado»: Tavares (1987)
- 1593 «Mari' Mateu, ir-me quer' eu d' aquen»: Deluy (1987); Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006); VV.AA. (2007)
- 1594 «Meestre Nicolas, a meu cuidar»: Tavares (1987); Ferreira (1988); Pena (1990); Jensen (1992); Pena (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Mongelli (2009)
- 1595 «Sueir' Eanes, un vosso cantar»: Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Alvar & Talens (2009)
- 1596 «Covilheira velha, se vos fezesse»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1597 «Covilheira velha, se vos fezesse»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1598 «Ben me cuidei eu, Maria Garcia»: Torres (1977); Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Fidalgo (2009)
- 1599 «Orraca Lopez vi doent' un dia»: Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1600 «A ãa velha quis ora trovar»: López-Aydllo (1914); Álvarez (1975); Torres (1977); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Alvar & Talens (2009)
- 1601 «Trag' agora Marinh' a Sabugal»: Tavares (1987)
- 1602 «Meu senhor arcebispo, and' eu escomungado»: Lapa (1940); Nunes (1959); Oliveira & Saavedra (1959); Fonseca (1971); Correia (1978); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Ferreira (1988); Alvar & Beltrán (1989); Pena (1990); Ferreira (1991); Jensen (1992); Pena (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Alvar & Talens (2009)
- 1603 «Moitos s' enfinden que an guanhado»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Fidalgo (2009); Mongelli (2009)
- 1604 «Non sei no mundo outro omen tan coitado»: Torres (1977); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1605 «Meus amigos, tan desaventurado»: Tavares (1987); Marcenaro (2006); VV.AA. (2007)
- 1606 «Ora vej' eu que ést' aventurado»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Arias (1993); Marcenaro (2006); Alvar & Talens (2009); Fidalgo (2009)
- 1607 «O que Balteira ora quer vingar»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1608 «Querri' agora fazer un cantar»: Tavares (1987)
- 1609 «Se eu no mundo fiz algun cantar»: Landeira (1975); Torres (1977); Tavares (1987)
- 1610 «Chegou Paio de Maas Artes»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1611 «Achou-s' un bispo que eu sei, un dia»: De la Iglesia (1886); Tavares (1987)
- 1612 «Donzela, quen-quer entenderia»: Tavares (1987); Pena (1990); Pena (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Mongelli (2009)
- 1613 «Pero d' Armea, quando composestes»: Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Alvar & Talens (2009)
- 1614 «A un frade dizen escaralhado»: Torres (1977); Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Fidalgo (2009)
- 1615 «A vós, dona abadessa»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Torres (1977); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Pena (1990); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Mongelli (2009)
- 1616 «Moir', e faço dereito»: Nemesio (195?); Landeira (1975); Gonçalves & Ramos (1983); Dobarro *et alii* (1987); Pena (1990); Jensen (1992); Pena (1993); Ferreiro & Martínez II (1996); Arias (2003); Mongelli (2009)

- 1617 «Faz-m' agora por si morrer»: Nemesio (195?); Landeira (1975); Correia (1978); Dobarro *et alii* (1987); Pena (1990); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez II (1996)
- 1618 «Diss' un infante ante sa companha»: Álvarez (1975); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1619 «Lourenço Bouçon, o vosso vilão»: Tavares (1987)
- 1620 «Con gran coita, rogar que m' ajudasse»: Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1621 «De como mi ora con el-rei aveo»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1622 «[E]stev[an] Ean[e]s, por Deus mandade»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1623 «Loavan un dia en Lugo Elvira»: Landeira (1975); Tavares (1987); Matalobos (1989); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1624 «Suer Fernandiz, si veja prazer»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1625 «Don Pedr' ést[e] cunhado d' el-rei»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1626 «Pero da Ponte, ou eu non vejo ben»: Tavares (1987)
- 1627 «A min dan preç', e non é desguisado»: Tavares (1987); Pena (1990); Pena (1993)
- 1628 «E pero Deus á gran poder»: Tavares (1987)
- 1629 «Tenho eu por desaguisado»: Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Pena (1990); Arias (1993); Pena (1993); Marcenaro (2006)
- 1630 «Vós que por Pero Tinhoso preguntades, se queredes »: Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1631 «Ûa donzela coitado»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003)
- 1632 «Por Don Foan en sa casa comer»: Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Alvar & Talens (2009)
- 1633 «Ena primeira rua que cheguemos»: Fernández (1951); Álvarez (1975); Landeira (1975); Dobarro *et alii* (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1634 «*Porén Tareija Lopiz non quer Pero Marinho*»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1636 «– Ûa pregunta vos quero fazer»: De la Iglesia (1886); Fernández (1951); Landeira (1975), Tavares (1987)
- 1637 «Don Afonso Lopez de Baián quer»: Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003)
- 1638 «Eu digo mal, com' ome fodimalho»: Tavares (1987); Pena (1990); Pena (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1639 «Marinha Foça quis saber»: Tavares (1987)
- 1640 «Marinha Crespa, sabedes filhar»: Martín & Ruíz (1972); Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); VV.AA. (2007)
- 1641 «Un dia fui cavalgar»: Tavares (1987)
- 1642 «Eu ben me cuidava que er' avoleza»: Tavares (1987)
- 1643 «Marinha Lopez oimais, a seu grado»: Tavares (1987)
- 1644 «Noutro dia en Carrion»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); VV.AA. (2007)
- 1645 «D' un tal ricome vos quero contar»: Tavares (1987)
- 1646 «Quen a sesta quiser dormir»: Álvarez (1975); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Ferreira (1988); Ferreira (1991); Jensen (1992); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006)
- 1647 «Garcia Lopez d' el Faro»: Correia (1978); Tavares (1987); Pena (1990)
- 1648 «Sueir' Eanes, este trobador»: Fonseca (1971); Tavares (1987)
- 1649 «Quand' eu d' Olide sai»: Fonseca (1971); Landeira (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Pena (1990); Ferreira (1991); Jensen (1992); Alvar & Talens (2009)
- 1650 «D' ùa cousa soo maravillado»: Tavares (1987)

- 1651 «Dade-m' alvissara, Pedr' Agudo»: Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1652 «D' un tal ricome ouç' eu dizer»: Tavares (1987)
- 1653 «Don Bernaldo, pois tragedes»: Torres (1977); Correia (1978); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996); Marcenaro (2006)
- 1654 «Maria Perez, a nossa cruzada»: Gonçalves & Ramos (1983); Dobarro *et alii* (1987); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Pena (1990); Jensen (1992); Arias (1993); Pena (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Alvar & Talens (2009); Fidalgo (2009); Mongelli (2009)
- 1655 «En almoeda vi estar»: Torres (1977); Tavares (1987); Fidalgo (2009)
- 1656 «Mentre m' agora d' al non digo [nada]»: Tavares (1987)
- 1658 «Os de Burgos son coitados»: Tavares (1987)
- 1659 «Martin de Cornes vi queixar»: Tavares (1987)
- 1660 «*Quen seu parente vendia*»: Álvarez (1975); Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1661 «De [Don] Fernan Diaz Estaturão»: Tavares (1987); Arias (1993); Ferreiro & Martínez III (1996); Fidalgo (2009)
- 1662 «Sueir' Eanes, nunca eu terrei»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1663 «Quen a sa filha quiser dar»: Torres (1977); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1664 «← Don Garcia Martinz, saber»: Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1665 «Eu en Toledo sempr' ouço dizer»: Tavares (1987); Marcenaro (2006)
- 1666 «Aos mouros que aqui son»: Landeira (1975); Tavares (1987)
- 1667 «Mort' é Don Martin Marcos, ai Deus, se é verdade?»: Fonseca (1971); Álvarez (1975); Correia (1978); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Ferreiro & Martínez III (1996); Arias (2003); Marcenaro (2006); Alvar & Talens (2009); Mongelli (2009)
- 1668 «Pois [que] vos vós cavidar non sabedes»: Tavares (1987)
- 1669 «Don Tisso Perez, queria oj' eu»: Tavares (1987)
- 1670 «Elvir', a capa velha dest' aqui»: Tavares (1987); Arias (2003)
- 1671 «Un bispo diz aqui, por si»: Tavares (1987)
- 1672 «Don [E]stevan, oi por vós dizer»: Torres (1977); Tavares (1987)
- 1673 «Quen mi ora quisesse cruzar»: Fonseca (1971); Landeira (1975); Tavares (1987); Jensen (1992); VV.AA. (2007)
- 1674 «Pero d' Ambroa, tal senhor avedes»: Tavares (1987)
- 1675 «Maria Balteira, que se queria»: Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)
- 1676 «Joan Baveca e Pero d' Ambrõa»: Álvarez (1975); Tavares (1987); Alvar & Beltrán (1989); Pena (1990); Jensen (1992); Alvar & Talens (2009); Fidalgo (2009)
- 1677 «Marinha Mejouchi, Pero d' Ambrõa»: Fonseca (1971); Martín & Ruíz (1972); Tavares (1987)
- 1678 «Quer' eu gran ben a mia senhor»: Tavares (1987)
- 1679 «Un cavaleiro, fi'-de clerigon»: Torres (1977); Tavares (1987)
- 1680 «Lourenço non mi quer creer»: Tavares (1987); Pena (1990)
- 1681 «Per[o] Ordonhez, torp' e desembrado»: Tavares (1987)
- 1682 «Pediui oj' un ricome»: Tavares (1987)
- 1683 «Maior Garcia vi tan pobr' ogano»: Landeira (1975); Tavares (1987); Ferreiro & Martínez III (1996)

4. Conclusións.

Tras a recompilación das antoloxías que figuran neste traballo, un total de 45, podemos concluír que, como é lóxico, Galiza e Portugal subministran a maioría das escolmas da lírica medieval galego-portuguesa publicadas desde finais do século XIX. Porén, Portugal achega un maior número de antoloxías por razóns obvias de normalidade lingüístico-cultural, con publicacións anteriores ás feitas na Galiza, onde, aínda que con antoloxías antigas, a primeira en aparecer propiamente na lingua galega é de 1975.

No entanto, este feito non significa que no noso país non houbo intención de publicar volumes recompilando os textos poéticos medievais, mais resulta evidente que a “normalidade” cultural tardou moitas décadas en se manifestar tamén no campo da difusión dos cancioneros e das cantigas.

Por outra parte, no grupo das antoloxías escritas en español –moitas delas obra de galegos, e outra parte procedente de España– aínda pode establecerse unha diferenza: as elaboradas na Galiza céntranse tan só na lírica galega-portuguesa (ás veces, tamén con textos da literatura posterior), fronte ás de ámbito español, que recollen, practicamente todas, mostras de toda a lírica escrita nas diferentes linguas da Península.

Fóra do territorio peninsular, contamos con antoloxías escritas en alemán, italiano, francés e inglés, e en todas elas existe unha tradución dos textos escolmados á lingua respectiva. Por outra parte, moitas delas tamén incorporan notas para axudar a entender mellor as composicións, xa que, como acontece en toda escrita literaria, e moi especialmente cos textos antigos, é necesaria unha anotación máis ou menos pormenorizada como axuda e guía de lectura para unha persoa lectora moderna, moi afastada cronoloxicamente do período en que foron xeradas as cantigas.



As antoloxías escritas en lingua galega, en xeral, caracterízanse por incluíren unha introdución sobre as orixes da lírica, ao tempo que presentan unha caracterización dos xéneros. Tamén se recollen nesas páxinas introdutorias os criterios de edición, e en case todas (nomeadamente nas máis antigas) transparece unha relativa modernización da lingua medieval, con bastantes notas aclaratorias, non por problemas de comprensión, como os mesmos autores declaran, mais para facilitar a lectura.

Canto a estrutura, nas antoloxías galegas os textos aparecen habitualmente ordenados conforme criterios cronolóxicos, ou, optando polo criterio máis sinxelo, ordenadas alfabeticamente segundo o nome ou o apelido do trobador. Nas antoloxías que só se centran nun xénero, aparecen as cantigas recollidas por tema, ou tamén se opta pola solución anterior.

Tamén incluímos neste apartado de antoloxías galegas aquelas que, estando escritas en español, foron feitas por autores galegos, que son un total de cinco. As catro primeiras están integramente nese idioma, mentres que a última delas recolle as cantigas en galego-portugués e a súa tradución. As características deste grupo son similares ás das antoloxías feitas propiamente en galego.

Os trobadores máis representados, indistintamente da lingua de elaboración da escolma, son Bernal de Bonaval, Joan Airas, Pero da Ponte, Nuno Fernandez Torneol, Pero Garcia d'Ambroa, Fernand'Esquio, Afonso X, Paai Gomez Charinho, Martin Codax ou Meendinho, todos considerados de orixe galega, que, ademais de aparecer nun maior número de antoloxías, contan tamén cun maior volume de cantigas recollidas. Ademais, estas escolmas tampouco se esquecen de trobadores portugueses aos cales lles son dedicadas numerosas páxinas, como Joan Garcia de Guilhade, o rei Don Denis ou Joan Soarez Coelho.

Dentro das antoloxías pertencentes ao ámbito portugués, podemos observar que todos os autores optaron por presentar unha introdución explicando as orixes da lírica e os diferentes xéneros en que se divide, ou polo menos, facer unha breve referencia ao tema. Algúns destes datos previos tamén inclúen a historia da lingua e como foi evolucionando ao longo dos séculos, aínda que este estudo lingüístico é máis frecuente nas primeiras antoloxías, aproximadamente até mediados da centuria pasada.

No referente á organización das antoloxías, as que consideramos “xerais”, é dicir, as que inclúen todos os xéneros, habitualmente presentan os textos clasificados segundo o xénero e, dentro de cada un, por trobador, por época ou por tema. Esta última solución, a de ordenar as cantigas segundo o tema, fica reservada tamén para aquelas antoloxías específicas de un só xénero.

De fixármonos nos trobadores máis antoloxizados aparecen ao mesmo nivel autores de todas as nacionalidades, aínda que si podemos dicir que aqueles que son considerados portugueses contan cun maior número de cantigas recompiladas nas seleccións feitas en Portugal. Por exemplo, entre os que aparecen en máis antoloxías, podemos destacar Lourenço, Joan Baveca, Joan Garcia de Guilhade ou o rei Don Denis, ou, da banda dos que son considerados como trobadores galegos, Meendinho, Martin Codax, Pedr'Amigo de Sevilha ou Bernal de Bonaval. Tamén é frecuente incluír nestas antoloxías os datos biográficos de todos os trobadores que figuran, por dubidosos ou problemáticos que estes sexan.

Canto ás antoloxías de ámbito español, que xa son un número considerabelmente menor en comparación coas anteriores, a maioría delas inclúen textos pertencentes a todas as linguas que se falaban ou falan na Península Ibérica ou, de recompilar só mostras da lírica galego-portuguesa, poden incluír textos que chegan a épocas máis recentes.

A clasificación establécese, como xa vimos nas anteriores, ben por trobador ou ben por xéneros de maneira máis frecuente. O habitual tamén é engadir os datos biográficos de cada autor, tanto ao comezo da súa produción como nun índice final de trobadores. Cabe indicar, ademais, que nestas antoloxías feitas fóra da Galiza é frecuente a tradución dos textos ao castelán e a inclusión de glosarios con equivalencias neste idioma.

Os trobadores máis representados nestas antoloxías son os galegos ou mesmo aqueles vinculados á Corte de Castela ou León, como Bernal de Bonaval, Joan Airas, Meendinho, Martin Codax ou Pero Garcia Burgales. Pola contra, os portugueses aparecen un menor número de veces, sendo Don Denis, Lourenço, Joan Garcia de Guilhade ou Don Gonçal'Eanes do Vinhal os máis representados.

Canto ás antoloxías alleas á Península Ibérica todas elas incorporan a tradución á lingua correspondente. As únicas que non o fan son a de Deluy (1987), que só inclúe o texto galego-portugués de nove das cantigas antoloxizadas, e a de Pellegrini (1928), que non as traduce ao alemán. A tradución tamén se manifesta nas notas ou nos glosarios: en todos eles se trasladan as voces máis problemáticas á lingua de orixe, sen engadir ningún outro tipo de explicación.

Por outra parte, todas elas contan con introducións en que se explica desde o contexto histórico en que xurdiu a lírica até cada xénero en concreto, e é frecuente incluír os datos biográficos dos trobadores. A seguir, a estrutura do corpus organízase, ao igual que nas outras antoloxías, segundo a época, o trobador ou o xénero.

Os trobadores máis representados son Don Denis, Pero da Ponte, Afonso X, Joan Garcia de Guilhade, Martin Codax, Joan Airas e Meendinho. Nestas antoloxías non se dá tanta

importancia á lugar de orixe de cada trobador, senón que prefiren centrarse máis no volume ou na relevancia da obra de cada un dos autores.

Á vista destes datos, podemos concluír que nas obras feitas na Galiza en xeral transparece un ton pedagóxico, porque achegan comentarios máis ou menos completos das cantigas ao tempo que algunhas marcan liñas para a realización dese comentario, destacando as partes máis importantes de cada cantiga e os aspectos que merecen unha maior atención. E para alén diso, nas antoloxías feitas por galegos percíbese un afán didáctico, polo feito de moitas estaren orientadas a un público en idade escolar; polo contrario, na maioría das antoloxías extragalegas só se incorporan notas e glosarios para un lector máis especializado nas lecturas medievais ou con maior coñecemento dos textos antigos.

Tamén achamos que as antoloxías galegas mostran unha maior preocupación pola música, xa que hai algunha escolma que non se limita a recoller a cantiga sen máis, senón que incorpora a música, real ou suposta, xa que dos cancioneros orixinais só se conserva a notación musical das cantigas de Martin Codax.


No tocante aos xéneros predominantes nas antoloxías, as cantigas de amigo son as máis representadas, posibelmente porque son as máis próximas a nós e representan a parte máis autóctona do trobadorismo, xa que as cantigas de amor son consideradas de influencia provenzal; ao mesmo tempo, as cantigas de amigo son de máis fácil comprensión, porque as de escarnio e maldicir, aínda que autóctonas, presentan unha maior complexidade interpretativa.

No relativo á escola de trobadores, o criterio xeral non é tanto o cuantitativo, isto é, o volume da obra conservada de cada autor, senón o valor intrínseco dos textos, ben polos elementos retóricos de cada cantiga ou ben polos problemas que xurdiron á hora de facer a súa edición. Así podemos encontrar autores como Meendinho, que só ten unha cantiga, concretamente de amigo, que se recolle en todas as antoloxías; o mesmo acontece con Martin Codax, autor de sete cantigas de amigo e que figuran na súa totalidade en practicamente todas as escolmas.


En realidade, o traballo de escolla e antoloxización é sempre moi subxectivo. Mais, ao mesmo tempo, é unha cuestión ben importante porque estas seleccións de textos contribúen poderosamente á formación do canon lírico medieval: mostran as cantigas que merecen ser coñecidas e estudadas desde os niveis máis básicos de educación, as indispensábeis que todo o mundo debe coñecer.

A seguir, e xa para finalizar, incluímos dúas gráficas, unha cos dez trobadores máis recollidos, e a outra coas dez cantigas que máis aparecen nas antoloxías.

Trobadores



Cantigas



5. Bibliografía.

- Alvar, Carlos e Jenaro Talens (2009): *Locus Amoenus: Antología de la lírica medieval de la península ibérica*. Barcelona: Galaxia Gutenberg.
- Alvar, Carlos e Vicente Beltrán (1989): *Antología de la poesía gallego-portuguesa*. Madrid: Alhambra.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1975): *Escolma da poesía medieval (1198-1354)*. Vigo: Edición Castrelos.
- Arbor Aldea, M. (2013): “Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa”, *Revista Galega de Filoloxía*, 14 (no prelo).
- Arias Freixedo, Xosé Bieito (1993): *Antoloxía de poesía obscena dos trovadores galego-portugueses*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.
- Arias Freixedo, X.B. (2003): *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*. Vigo: Xerais.
- Brea, Mercedes (1997): *Lírica profana Galego-Portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Centro de Investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro.
- Cidade, Hernâni (1941): *Poesia Medieval. I. Cantigas de Amigo*. Lisboa: Gráfica Lisbonense.
- Correia, Natália (1978): *Cantares dos trovadores galego-portugueses*. Lisboa: Editorial Estampa.
- De las Casas, Álvaro (1928): *Antología de la lírica gallega*. Madrid: Compañía Iberoamericana de Publicaciones.
- De la Iglesia, Antonio (1886): *El idioma gallego: su antigüedad y vida*. Valladolid: Editorial Maxtor.
- Deluy, Henry (1987): *Troubadours galégo-portugais. Une anthologie*. Paris: P.O.L.
- D’Heur, Jean Marie (1975): *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècle): contribution à l’étude du «corpus des troubadours»*. Liège: s. l.
- Dobarro Paz, X.M. et alii (1987): *Literatura Galego-Portuguesa Medieval*. A Coruña: Vía Láctea.
- Dunne, Jonathan (2010): *Anthology of galician literature*. Vigo: Xerais.
- Fernández Pousa, R. (1951): *Selección literaria del idioma gallego (siglos XI-XX)*. Madrid: SE.
- Ferreira, Maria Ema Tarracha (1991): *Antologia Literária Comentada. Idade Média. Poesia Trovadoresca. Fernão Lopes*. Lisboa: Editora Ulisseia.
- Ferreira, Maria Ema Tarracha (1988): *Poesia e prosa medievais*. Lisboa: Editora Ulisseia.
- Ferreiro, Manuel e Carlos Paulo Martínez Pereiro (1996): *Cantigas de amigo. Antoloxía: lírica galego-portuguesa medieval*. Vigo: A Nosa Terra.
- Ferreiro, Manuel e Carlos Paulo Martínez Pereiro (1996): *Cantigas de amor. Antoloxía: lírica trovadoresca galego-portuguesa medieval*. Vigo: A Nosa Terra.
- Ferreiro, Manuel e Carlos Paulo Martínez Pereiro (1996): *Cantigas de escarnho e de maldizer e outras híbridas e dos xéneros menores*. Vigo: A Nosa Terra.
- Fidalgo, E. (2009): *De amor y de burlas: antología de la poesía medieval gallego-portuguesa*. Vigo: Libros da Brétema, Nigratrea.
- Fonseca, F.V. Peixoto da (1971): *Clássicos Portugueses. Trechos Escolhidos. Cantigas de escárnio e maldizer dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Livr. Clássica.
- Gonçalves, Elsa e Maria Ana Ramos (1983): *A lírica galego-portuguesa (Textos escolhidos)*. Lisboa: Ed. Comunicação.
- Jensen, Frede (1992): *Medieval Galician-Portuguese poetry: an anthology*. New York-London: The Garland Library of Medieval Literatura.
- Ladeira Yrago, Xosé (1975): *Dos devanceiros ao dezaoitto*. Vigo: Galaxia.
- Lapa, M. Rodrigues (1940): *Crestomatia Arcaica*. Lisboa: Sá da Costa.

- López-Aydillo, Eugenio (1914): *Las mejores poesías gallegas recopiladas, prologadas y cuidadosamente anotadas por Eugenio López-Aydillo*. Madrid: Imprenta Artística Española.
- Marcerano, S. (2006): *Canti di scherno e maldicenza*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Martín Gaité, C. e Andrés Ruíz Tarazona (1972): *Ocho siglos de poesía gallega*. Madrid: Alianza.
- Matalobos, Manuel Celso (1989): *Escolma poético-musical galega*. Santiago de Compostela: Velograf S. A.
- Meléndez Cabo, M. e Isabel Vega Vázquez (2010): *Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Centro de Investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro.
- Mongelli, L. M. (2009): *Fremosos Cantares. Antologia da lírica medieval galego-portuguesa*. São Paulo: Martins Fontes.
- Montero Santalla, José-Martín (2000): *As Rimas da Poesía Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Tese de Doutoramento (inérita), Universidade da Coruña.
- Nemésio, Vitorino (195?): *A Poesia dos trovadores*. Portugal: Livraria Bertrand.
- Nunes, J. J. (1959): *Crestomatia Arcaica: excertos da literatura portuguesa desde o que máis antigo se conhece até ao século XVI: acompanhados de introdução gramatical, notas e glossário*. Lisboa: Livr. Clássica Editora.
- Nunes, J. J. (1932): *Florilégio da Literatura Portuguesa Arcaica trechos, coligidos em obras escritas desde o começo do século XIII até os primeiros anos do século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Oliveira, Corrêa de e E. Saavedra Machado (1969): *Textos portugueses medievais*. Coimbra: Coimbra editora.
- Pellegrini, Silvio (1928): *Auswahl altportugiesischer Lieder*. Halle / Saale.
- Pena, Xosé Ramón (1990): *Literatura Galega Medieval. I. A história. II. Antoloxía de textos comentados (lírica e prosa)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Pena, Xosé Ramón (1993): *Manual e antoloxía da Literatura Galega Medieval*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Piccolo, F. (1951): *Antologia della lirica d'amore gallego-portoghese*. Napoli: Edizioni Scientifiche Italiane.
- Reckert, Stephen e Helder Macedo (1980): *Do Cancioneiro de Amigo*. Lisboa: Assírio & Alvim.
- Spina, Segismundo (1972): *A lírica trovadoresca (Estudo. Antologia crítica. Glossário)*. Rio de Janeiro: Grifo.
- Tato Fontaiña, Laura (1996): “Caracterización xeral”; “Cantigas de escarnio e maldicer”; “Cantigas de amor”; “Cantigas de amigo” en *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- Tavani, Giuseppe (1988): *A poesía lírica galego-portuguesa*. Vigo: Reconquista.
- Tavani, Giuseppe (1989): *...Tódalas augas. Presentación e selección de Poesía Medieval Galego-Portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Tavares, José Pereira (1961): *Antologia de textos medievais*. Lisboa: Livraria Sá da Costa Editora.
- Tavares, M. (1987): *Cantigas de Escárnio e Mal-Dizer*. Sacavém: Polimpresso.
- Torres, Alexandre Pinheiro (1977): *Antologia da Poesía Trovadoresca Galego-Portuguesa (Sécs. XII-XIV)*. Porto: Lello & Irmão Editores.
- Vasconcellos, J. Leite de (1959): *Textos Arcaicos*. Lisboa: Livr. Clássica Editora.
- VV. AA. (2007): *História e Antologia da Literatura Portuguesa. Vol. I. Séculos XIII-XV*, Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.